



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

## Expediente nº 464/2023

**Procedemento:** Selección de persoal laboral temporal – 1 Técnico de Información Turística

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Carlos Iglesias Cores, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), adoptou a seguinte Resolución.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (Plan Concellos) 2022-2023.

Vista a concesión de subvención a este Concello, dentro da liña 3, para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de 1 traballador con destino á Oficina de Información Turística, por un período de seis meses.

Vista a relación de traballadores convocados a través do Servizo de Emprego da Xunta de Galicia.

Vistas as Bases reguladoras do proceso selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de marzo de 2023.

Visto que de acordo ca Base 5ª,

.....”*Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e de documentación xustificativa de méritos a Presidencia ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, publicando a lista provisional de admitidos e excluídos e indicando a designación nominal do Tribunal Cualificador e a data para a avaliación dos méritos do concurso, sinalando un prazo dun día hábil para emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou omisión.*

*No caso de se producir reclamacións deberase dictar nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.*

*Os aspirantes que no prazo sinalado non enmenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación das probas.*

*De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada por todos os aspirantes cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva de forma automática.....”*

Por medio da presente

### RESOLVO

1.- Aprobado a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de 1 traballador con destino á Oficina de Información Turística, por un período de seis meses.

A) Aspirantes provisionalmente admitidos:

Apelidos e nome	DNI
-----------------	-----





# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

MILLÁN DIESTE, ANA	***6611**
SILVA PAZ, JESSICA	***0085**

B) Aspirantes provisionalmente excluídos:

-----

2.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de A Illa de Arousa e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de A Illa de Arousa (<http://www.ailladearousa.es/taboleiro-de-anuncios/>).

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

